



**RESOLUCIÓN REITORAL DO 17/02/2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS ACTIVIDADES POLAS QUE SE RECOÑECEN CRÉDITOS NOS ESTUDOS DE GRAO, POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS CULTURAIS, DEPORTIVAS, DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL, SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN**

De acordo co disposto na normativa mediante a que se establece o procedemento para o recoñecemento académico de créditos pola participación en actividades universitarias nos graos da UDC, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 17/07/2012, modificada por acordo do mesmo órgano de data 21/07/2016,

RESOLVO,

Primeiro. Aprobar as actividades universitarias susceptibles de recoñecemento académico en créditos, de acordo co disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, que constan nos anexos I e II desta resolución.

Segundo. Derrogar a Resolución reitoral da UDC do 23/12/2020.

**ANEXO I**

**RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO, MODIFICADO POLO REAL DECRETO 861/2010, DO 2 DE XULLO, POLAS SEGUINTE ACTIVIDADES**

**1. REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO NOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN DA UNIVERSIDADE**

1.1. A representación do estudantado poderá dar lugar ao recoñecemento de créditos sempre que se realizase como:

- a) representante do estudantado no Claustro, o Consello de Goberno ou o Consello Social.
- b) representante do estudantado en consellos de departamento, xuntas de centro ou consellos de institutos universitarios.

1.2. Recoñeceranse 1,5 créditos por curso académico ou fracción, sempre e cando esta comprenda, como mínimo, a extensión dun cuadrimestre lectivo do curso académico.

1.3. Para estes efectos, o estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Secretaría Xeral ou, de ser o caso, ante o secretario do órgano que corresponda, coa indicación das datas de inicio e de remate da súa participación. O/a secretario/a xeral da UDC ou, de ser o caso, o/a secretario/a do órgano que corresponda, acreditará, mediante unha certificación, a realización efectiva da representación.

**2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

O estudantado da UDC poderá obter recoñecemento de créditos a través das seguintes actividades deportivas organizadas ou promovidas pola Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte:

2.1. Formación nas escolas deportivas da UDC: 4 créditos por escola, asistencia anual, e 2 créditos por escola, asistencia cuadrimestral.

2.2. Asistencia a cursos de formación deportiva: 1,5 créditos cada 15 horas, ata un máximo de 12 créditos.



2.3. Asistencia a actividades dirixidas de exercicio e saúde: 4 créditos por actividade, asistencia anual, e 2 créditos por actividade, asistencia cuadrimestral.

2.4. Participación en competicións deportivas:

Ligas universitarias: de 10 ou máis equipos, 3 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas; de menos de 10 equipos, só ao campión ou campioa da liga.

2.5. Equipos federados propios da UDC: 3 créditos por curso académico.

2.6. Campionatos universitarios:

- internos, de 10 ou máis participantes, 2 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas e de menos de 10 participantes, só ao campión ou campioa;
- galegos, nas modalidades individuais, 3 créditos ás tres primeiras persoas clasificadas e nas modalidades de equipo, só ao campión ou campioa;
- fase interzonal, 3 créditos;
- de España, 4 créditos e, no caso de obter medalla, 2 créditos máis;
- Universiada, campionatos de Europa e do Mundo ou Xogos Olímpicos, 12 créditos;
- deportistas de alto nivel, 5 créditos por representaren a Universidade da Coruña na fase final dos campionatos de España, Europa ou do Mundo.

2.7. Xogos Galaico-Durienses: 1 crédito por participar e 2 créditos máis en caso de quedar entre ás tres primeiras persoas clasificadas.

Para poder recoñecer estes créditos será condición indispensable a asistencia, cando menos, ao 85 % da actividade programada pola Área de Deportes (escolas deportivas, cursos de formación, actividades dirixidas, competicións, equipos federados, campionatos universitarios, xogos Galaico-Durienses). Para os efectos da imputación de créditos, estes non se poderán solicitar por participar en máis de dúas escolas deportivas ou cursos por estudante e por ano académico; ou, no caso das ligas deportivas, en máis de dúas ligas por estudante e por ano académico.

Para os efectos de recoñecemento, o estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

### **3. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE DIVULGACIÓN PROMOVIDAS E/OU COORDINADAS POLA VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE**

Ao estudantado da UDC poderán recoñecérselle créditos pola súa participación nos programas que se detallan a seguir:

3.1. Actor ou actriz nunha obra dramática producida pola Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.2. Participación como bailarín ou bailarina nunha produción de danza anual da Aula de Teatro e Danza da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.3. Integración no Coro Universitario da UDC: 4 créditos por curso académico.

3.4. Participación en obradoiros, cursos de teatro, danza, cinema e equivalentes: 1,5 créditos cada 15 horas, ata un máximo de 3 créditos por actividade.

3.5. Participación en obradoiros desenvolvidos pola Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC: 1 crédito cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso. A coordinadora da Unidade de Divulgación Científica e Cultural da UDC fará un informe da actividade realizada.

3.6. Participación en actividades culturais e educativas organizadas entre a universidade e outras institucións mediante o correspondente convenio de colaboración.



Para estes efectos, o estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

Para poder obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das actividades. Para os efectos da imputación de créditos, estes non se poderán solicitar por participar en máis de dous obradoiros por estudante e por curso académico.

#### **4. ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO ABEIRO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS OU AUTORIZADAS POLA VICERREITORÍA DE IGUALDADE, CULTURA E DEPORTE**

4.1. Participación en cursos de verán oficiais da UDC: 1,5 créditos por cada 15 h., máximo 3 créditos por cada curso.

4.2. Participación en cursos de extensión universitaria: 1 créditos por cada 15 horas, máximo 3 créditos por cada curso.

4.3. Participación en actividades organizadas polos centros, departamentos, institutos universitarios e o persoal docente e investigador: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade.

Para estes efectos, o estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

#### **5. ACTIVIDADES ORGANIZADAS AO ABEIRO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE**

5.1. Participación en actividades organizadas polas asociacións de estudantes inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudantes da UDC: 1,5 créditos por cada 15 horas de actividade, ata un máximo de 3 créditos por actividade.

5.2. Participación en actividades no Programa “Correspondentes universitarios”: 1 crédito por cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso. Os coordinadores do programa do centro correspondente farán un informe da actividade realizada.

5.3. Participación en actividades de difusión e divulgación das titulacións, promovidas e organizadas polo Servizo de Estudantes: 1 crédito cada 10 horas, ata un máximo de 3 créditos por curso académico. O/a xefe/a do Servizo de Estudantes realizará un informe sobre a actividade desenvolvida.

O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

#### **6. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN PROGRAMAS DE EMPREGABILIDADE ORGANIZADOS OU PROMOVIDOS POLA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE**

O estudantado que realizase programas formativos relacionados co coñecemento de ferramentas básicas para a adquisición de habilidades que favorezan a súa futura empregabilidade, obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

6.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación.

6.2. O estudantado da UDC poderá obter por estas actividades ata un máximo de 3 créditos.



6.3. O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **7. ACTIVIDADES DE INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS (ORI)**

O estudantado da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos nas seguintes actividades de internacionalización:

7.1. Participación no programa de acollida de estudantes internacionais, incluídos os programas *mentoring* dos distintos centros: 1,5 créditos por semestre.

7.2. Participación en programas académicos específicos, organizados ou nos que a UDC sexa socia, que obtiveran financiamento con cargo aos programas de educación da Unión Europea, máximo 3 créditos. O estudantado entregará un informe do coordinador no momento de realizar a solicitude.

7.3. Participación nos cursos da *International Summer School* da UDC: 4,5 créditos por curso realizado, hasta un máximo 9 créditos.

O estudantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **8. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS EN PROGRAMAS DE EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE**

O estudantado que realizase programas formativos relacionados coa educación para a sustentabilidade organizados pola Oficina de Medio Ambiente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

8.1. Recoñecerase 1 créditos por cada 10 horas de formación.

8.2. O estudantado da UDC poderá obter por estas actividades ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

8.3. Os/as estudantes interesados/as solicitarán o recoñecemento ante a Oficina de Medio Ambiente dependente da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **9. LÍMITE Á CONCESIÓN DE CRÉDITOS**

Non se lle recoñecerán créditos por realizar unha destas actividades formativas ao alumnado que na súa titulación de grao conte con algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa dita actividade. Esta regra non será de aplicación no caso de recoñecemento por cursos realizados na *International Summer School* (7.3 do Anexo I).



## ANEXO II

### RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS RELACIONADAS COAS COMPETENCIAS NUCLEARES DA UDC

#### 1. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR APRENDIZAXE LINGÜÍSTICA. CURSOS REGULARES DO CENTRO DE LINGUAS (CL)

O estudiantado que realízase cursos regulares no Centro de Linguas (CL) da UDC poderá obter o recoñecemento de créditos por actividades de aprendizaxe lingüística, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

- 1.1. Polos cursos regulares recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas.
- 1.2. Polos cursos regulares dunha lingua estudada no bacharelato recoñeceranse créditos por cursos só a partir do nivel B1 ou superior.
- 1.3. O estudiantado de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia obrigatoria no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B2 ou superior.
- 1.4. O estudiantado de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia optativa no seu plan de estudos só poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do nivel B1 ou superior.
- 1.5. O estudiantado daquelas titulacións de grao en que o coñecemento dunha determinada lingua constitúa un requisito de acceso, continuación ou finalización dos seus estudos non poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos do centro de linguas desa determinada lingua.
- 1.6. O estudiantado dos graos de estudos lingüísticos e literarios non poderá obter o recoñecemento de créditos por cursos daquela lingua que constitúa a súa especialidade.
- 1.7. Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima ás clases do 85 %, alén de superar as probas correspondentes.
- 1.8. Non se recoñecerán créditos polos cursos de conversa, así como tampouco polos cursos que non comporten un progreso constatable mediante a superación das probas pertinentes.
- 1.9. Os cursos de idiomas realizados polo alumnado en programas de mobilidade internacional na universidade de destino terán un recoñecemento de 1 crédito por cada 10 horas de curso, sempre que a súa realización sexa certificada pola universidade de destino. Estes cursos de idiomas, para que o alumnado obteña o recoñecemento, deben constar no contrato de estudos como carentes de recoñecemento académico dentro do propio plan de estudo.
- 1.10. O estudiantado interesado solicitará a acreditación correspondente ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

#### 2. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS/ACTIVIDADES DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)

- 2.1. Por participación en actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL) ou a través das comisións de normalización lingüística dos centros, ao abeiro das convocatorias do SNL: 1 crédito por cada 15 horas.
- 2.2. O alumnado procedente de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non acceda á UDC desde os centros de bacharelato desta comunidade, así como aqueles alumnos que non cursasen lingua galega no bacharelato, poderán obter un recoñecemento de 3 créditos por cursaren e superaren o Curso de Iniciación organizado polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL).



2.3. Para estes efectos, o estudantado interesado solicitará a acreditación ante a Secretaría Xeral coa indicación da actividade e do período de participación. O/a secretario/a xeral acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

### **3. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC) E PROGRAMAS FORMATIVOS DA AULA DE INFORMÁTICA (AFI)**

O estudantado que realizase programas formativos relacionados co coñecemento das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións na Aula de Formación Informática (AFI) da UDC obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

3.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación.

3.2. Non se lle recoñecerán créditos por realizar unha destas actividades formativas ao alumnado que na súa titulación de grao conte con algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa dita actividade.

3.3. O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se a realizou actividade.

### **4. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN INFORMACIÓN DOCUMENTAL DO SERVIZO DE BIBLIOTECA**

O estudantado que realice programas formativos relacionados co coñecemento da información documental e coas utilidades bibliográficas do Servizo de Biblioteca da UDC, obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedementos:

4.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación.

4.2. Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

4.3. O estudantado da UDC poderá obter recoñecemento de 1 crédito por cada 20 horas por estas actividades, ata un máximo de 3 créditos por curso.

4.4. O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa indicación da actividade e do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

### **5. RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS NO “PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: “PROXECTO DE MENTORING”**

A UDC implantou a figura do “alumno mentor”, dentro do proxecto de “*Mentoring*” nas facultades e escolas. O *mentoring* é unha relación entre unha persoa con máis experiencia (o mentor ou mentora) e unha persoa con menos experiencia.

O estudantado dos dous últimos cursos de grao das titulacións que imparte a UDC, que realice funcións de alumno con experiencia “Alumno Mentor”, con alumnos que ingresen no primeiro curso dentro do “Proxecto de *Mentoring*” e de acordo co cronograma do Plan de acción tutorial (PAT) do dito centro, nese curso académico, obterá o correspondente recoñecemento, segundo os seguintes criterios e procedemento:

5.1. Recoñécense 1,5 créditos por cuadrimestre en que realicen funcións como mentor/a.

5.2. O estudantado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente coa indicación do período de participación. O/a vicerreitor/a acreditará,



mediante unha certificación, que se realizou a actividade, logo do informe do/a coordinador/a do PAT do centro que corresponda, que será entregado polo/a alumno/a na devandita vicerreitoría no momento de realizar a solicitude.

## **6. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE TORIZACIÓN DENTRO DO PROXECTO STEMBach**

Desde o ano 2018 a UDC participa no bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía (STEMbach), que busca contribuír a favorecer no alumnado de bacharelato o afondamento no traballo nas competencias matemática e básica en ciencia e tecnoloxía, mediante os elementos e os procedementos de investigación e dos métodos científicos, dun xeito rigoroso, ordenado e crítico, e para desenvolver investigacións propias.

A UDC quere aproveitar a experiencia do estudantado que participou neste proxecto para realizar a función de alumnado con experiencia (alumnado mentor) co alumnado de bacharelato que desenvolva o seu proxecto STEMBach na UDC.

O estudantado obterá o correspondente recoñecemento, de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

- 6.1. Recoñécenselle 1,5 créditos por cuadrimestre en que realice funcións como mentor/a.
- 6.2. O estudantado solicitaralle formar parte deste programa de mentoría á persoa responsable da coordinación do STEMBach da UDC, tras presentar a certificación acreditativa da dirección do centro en que realizou os estudos correspondentes a este programa.
- 6.3. O estudantado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente coa indicación do período de participación.
- 6.4. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade, logo do informe da persoa responsable da coordinación STEMBach da UDC, que será entregado polo/a alumno/a na dita vicerreitoría no momento de realizar a solicitude.

## **7. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN NO CENTRO UNIVERSITARIO DE FORMACIÓN E INNOVACION EDUCATIVA (CUFIE)**

Dentro do plan de apoio á aprendizaxe, a UDC está a lle recoñecer créditos ao estudantado por realizar cursos de formación no CUFIE, de acordo cos seguintes criterios e procedemento:

- 7.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 20 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.
- 7.2. O estudantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

## **8. ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO, COOPERACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN ORGANIZADAS POLA OFICINA DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO**

O estudantado da UDC poderá obter o recoñecemento de 1,5 créditos por cada 30 horas de dedicación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico, nas seguintes actividades de voluntariado e de cooperación:

- 8.1. Colaboración en estadias de cooperación, a través dunha convocatoria organizada pola UDC e destinada a favorecer a solidariedade e a cooperación.
- 8.2. Participación en actividades de formación de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinadas pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.



8.3. Participación en actividades de formación organizadas por entidades de iniciativa social coas que a UDC asinase un convenio de colaboración.

8.4. O estudiantado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

### **9. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN IGUALDADE PROMOVIDOS POLA OFICINA PARA A IGUALDADE DE XÉNERO OU POLO CENTRO DE ESTUDOS DE XÉNERO E FEMINISTAS**

O alumnado que realice os cursos citados obterá o recoñecemento de créditos, de acordo cos seguintes criterios:

9.1. Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

9.2. Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

9.3. O estudiantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte, coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

### **10. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR CURSOS DE FORMACIÓN EN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE; CURSOS DE FORMACIÓN EN RESPONSABILIDADE SOCIAL PROMOVIDOS POLO SERVIZO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE; CURSOS/ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVAN DENTRO DA UDC SAUDABLE**

O alumnado que realice os cursos citados obterá o recoñecemento de créditos, de acordo cos seguintes criterios:

10.1 Recoñecerase 1 crédito por cada 10 horas de formación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico.

10.2 Para obter o recoñecemento será condición a asistencia, cando menos, ao 85 % das clases programadas e, de ser o caso, superar as probas correspondentes.

10.3 O estudiantado interesado solicitará o recoñecemento ante a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, coa indicación da actividade e do período de asistencia. O/a vicerreitor/a acreditará, mediante unha certificación, que se realizou a actividade.

A Coruña,

O reitor

P.D. (RR do 14/01/2020)

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga